

Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA CORPORACIÓN MUNICIPAL DE CERDIDO REUNIDA O DÍA DEZANOVE DE FEBREIRO DE DOUS MIL DEZASEIS

No salón de plenos do concello de Cerdido, ás dezanove horas e cincuenta e cinco minutos do día dezanove de febreiro de 2016, reúnese en primeira convocatoria os membros da corporación que se citan a continuación: Rocío Martínez Martínez, Cándido Eusebio Prieto Lago, David Prada Aneiros, Ana Rodríguez Montero, Pablo Casas Cibreiro, Juan José Ramos Prieto e José Esmoris Aldao. baixo a Presidencia do alcalde Benigno Galego Castro. Non asistiu Marina Tojeiro Martínez. De seguido pásanse a debater os asuntos da orde do día:

1 Aprobación se procede, da acta do pleno reunido o días 27.12.2015. Os membros do Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade dos presentes aprobaron a acta anterior.


2.-Modificación do punto 25 das bases de execución do presuposto do ano 2016. Leida a proposta da Alcaldía do tenor literal seguinte: Motivado pola necesidade de incentivar a información e promoción do turismo a nivel local e despois de manter varias reunións cos representantes da asociación así como os Concellos limítrofes, esta Alcaldía propón engadir no punto 5º do artigo 25 a seguinte frase: e o apoio da información e promoción do turismo local. Así como engadir unha nova fila na cadro que aparece a continuación:

Nome da persoa ou entidade beneficiada	Actividade a fomentar	Importe anual
Asociación para o desenvolvemento do turismo de calidade da comarca do Ortegal CIF G 15873037	Fomento da información e promoción da actividade turística a ámbito local	1233,00 €

Cerdido, 10 de febreiro de 2016. O Alcalde, Os membros do Pleno por maioría aprobaron a proposta anterior. Catro votos dos concelleiros Rocío Martínez Martínez, Cándido Eusebio Prieto Lago, David Prada Aneiros e o voto do sr. Alcalde e catro abstencións dos concelleiros Ana Rodríguez Montero, Pablo Casas Cibreiro, Juan José Ramos Prieto e José Esmoris Aldao.

O alcalde explica que por un erro non se incluíu como subvención nominativa nos presupostos e por iso se trae hoxe a modificación das bases de execución.

3. Integración como socio fundador na Asociación sen ánimo de lucro para concorrer aos fondos europeos LEADER de Galicia 2014-2020, Leida a proposta da Alcaldía do tenor literal seguinte: **No Diario Oficial da Unión Europea, L 347, de 20 de decembro de 2013,** publicáronse os novos Regulamentos dos Fondos Estruturais e de Inversión (FEI), que serán aplicables aos Estados Membros e Rexións da Unión Europea, para o período 2014-2020. En España os FEI do período 2014-2020 serán catro: o Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), o Fondo Social Europeo (FSE), o Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) e o Fondo Europeo Marítimo y de Pesca (FEMP). **O Regulamento (UE) nº 1305/2013 do Parlamento Europeo e do Consello,** relativo a axuda ao Desenvolvemento Rural, a través do FEADER, permite que os Estados Membros presenten un programa nacional e un conxunto de programas rexionais, garantindo a coherencia entre as estratexias nacionais e rexionais. Tamén insta aos estados membros a establecer, a escala rexional, subprogramas para o desenvolvemento das zonas rurais, que teñan en



Concello de Cerdido (A Coruña)


As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

conta o potencial endógeno e as necesidades locais dos territorios con características socioculturais comúns, fomentando a financiación e posta en marcha de Estratexias de Desenvolvemento Local Participativo, xestionadas por Grupos de Acción Local (GAL) con enfoque LEADER.

Así, a Conferencia Sectorial de Agricultura e Desenvolvemento Rural, acordou que o Programa Nacional de Desenvolvemento Rural (PNDR) de España, distribúise fondos FEADER entre os Programas de Desenvolvemento Rural das Comunidades Autónomas, que finalmente chegarán a 8.297.388.821€. A Galicia lle corresponden 889.800.000€, e vai destinar 84.000.000€ destes fondos ao LEADER de Galicia 2014-2020, distribuídos nun número aproximado de 24 GAL, que abarcarán tódolos concellos da nosa Comunidade Autónoma. **O Regulamento (UE) nº 1303/23 do Parlamento Europeo e do Consello** sobre disposicións comúns e específicas dos Fondos, sinala, no seu artigo 34, que os GAL deben estar compostos por representantes locais públicos e privados, que deseñen unha estratexia local e a leven a cabo. Do mesmo xeito, se incide no Regulamento (UE) nº 1305/2013, cando recalca a composición dos grupos de acción local como un grupo de socios públicos e privados locais dun territorio, organizados entorno a unha asociación sen ánimo de lucro para levar a cabo a estratexia de desenvolvemento local participativa LEADER. O concello de Cerdido xa formou parte, do GAL Costa Ártabra que xestionou os fondos europeos do Programa de Desenvolvemento e Diversificación Económica de zonas rurais (PRODER II), no período 2002-2008. No momento actual existen en Galicia 31 GAL, denominados Grupos de Desenvolvemento Rural. O concello é socio fundador, do Grupo de Desenvolvemento Rural Costa Noroeste, GDR 31, que xestionou os fondos LEADER de Galicia 2007-2013. Pero coñecemos que, para o período LEADER de Galicia 2014-2020, se reduce o número de grupos a vinte e catro, modificándose os actuais ámbitos territoriais, de xeito que os concellos das comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal van configurar un só grupo. Por elo, os doce concellos que conforman Costa Noroeste e os representantes das entidades privadas, acordaron na Xunta Directiva e na Asemblea do 8 de outubro de 2015 e reiteraron na XD do 10 de decembro de 2015, iniciar os trámites de constitución dunha nova entidade. Todo elo co afán de dispoñer, canto antes, dunha entidade que se poida encargar de dinamizar a poboación e propiciar a elaboración da Estratexia de Desenvolvemento Participativa e poder concorrer a xestionar ditos fondos europeos, para o noso ámbito rural. Así, dende o mes de xaneiro estanse producindo reunións entre todos os Concellos interesados. Polo tanto, esta Alcaldía propón a o Pleno do Concello de Cerdido adoptar o seguinte acordo: **Primeiro:** O Concello de Cerdido acorda integrarse como socio fundador, na Asociación sen ánimo de lucro, en trámite de constitución, cuxo fin será a elaboración da Estratexia de Desenvolvemento Local Participativo e concorrer aos fondos europeos LEADER de Galicia 2014-2020. **Segundo:** O Concello de Cerdido, nomea a Benigno Galego Castro con DNI 32679827 R, alcalde do Concello de Cerdido como representante no acto constitutivo da nova asociación e como representante permanente deste Concello nesa nesa entidade. Cerdido, 12 de febreiro de 2016. O Alcalde. Benigno Galego Castro. **Os membros do Pleno por unanimidade aprobaron a proposta anterior**

O alcalde explica que ata agora o Concello de Cerdido estaba incluído en costa noroeste pero como es preciso reducir os grupos de acción local, os concellos que estaban antes en costa noroeste nos integramos nunha única asociación cos concellos do Eume e de Ferrolterra.

4. Incio do procedemento de deslinde co Concello de Moeche. Leida a proposta da Alcaldía do



Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

tenor literal seguinte. **Antecedentes administrativos.** O día 16/05/2013 o Concello de Moeche, envía a este Concello, un exemplar do Plan Xeral de Ordenación Municipal que están tramitando para que dende o Concello de Cerdido realizáramos as alegacións que estimáramos oportunas. O día 11/07/2013 remitiuse ao Concello de Moeche as alegacións, onde se manifestaba que tras un informe redactado pola Arquitecta María Carmen Nóvoa Sio, no plano de ordenación da estrutura xeral do territorios (escala 1/5000) non coinciden os limites territoriais entre o Concello de Cerdido e o Concello de Moeche coa delimitación realizada polo Instituto Xeográfico Nacional en base as actas de deslinde asinadas o día 06/09/1940. Tras unha reunión mantida no Concello de Moeche, faise necesario proceder a determinar a localización dos fitos da liña límite entre os Concellos de Moeche e Cerdido, de acordo co establecido na acta de deslinde de 6 de setembro de 1940 entre os termos municipais de Moeche e Cerdido. Por todo isto e atendendo como **lexislación aplicable:** O artigo 47.2.c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

O artigo 40 e seguintes da Lei 5/1997 de 7 de xullo de Administración Local de Galicia Esta Alcaldía propón ao Pleno do Concello a adopción do seguinte acordo: **PRIMEIRO.** Iniciar o procedemento para a determinar a localización dos fitos da liña límite entre os Concellos de Moeche e Cerdido, de acordo co establecido na acta de deslinde de 6 de setembro de 1.940.

Segundo: Nomear como membros da Comisión, que levará a cabo a verificación das operacións de deslinde, a:D. Benigno Galego Castro Alcalde do Concello de Cerdido. D. Pablo Casas Cibreiro Concelleiro do Concello de Cerdido. D. Juan José Ramos Prieto, Concelleiro do Concello de Cerdido. D. David, Prada Aneiros, Concelleiro do Concello de Cerdido **Terceiro:** Facultar ao Alcalde de Cerdido para que designe a un Perito que asistirá ao Concello nas labores de deslinde así como a dúas persoas que pola súa idade e acreditado xuízo poidan xustificar o sitio en que estiveron os marcos ou sinais divisorias. Cerdido, 15 de febreiro de 2016. O alcalde. Benigno Galego Castro. **Os membros do Pleno por unanimidade aprobou a moción anterior**

O alcalde explica que o que se pretende é buscar e localizar con GPS os marcos entre os dous concellos.


A concelleira Ana Rodríguez Montero explica que cree necesario que ao acto asistan máis de dous veciños porque cada un sabe do seu lugar.

O alcalde explica que se intentará que vaian os máis veciños pero que so dous asinaran a acta.

Control e fiscalización dos órganos da Corporación:

6.-Dar conta das resolucións da alcaldía.


Núm.	Data	Descrición
Decembro 2015		
227	15.12.2015	Autorización a Cebarca para usar un local da casa da cultura para realizar un curso de monitor de febreiro a maio de 2016
228	16.12.2015	Solicitude de subvencións á Deputación para promoción do turismo
229	16.12.2015	Solicitude de subvencións á Deputación para investimentos en deportes



Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

230	17.12.2015	Renuncia á convocatoria de subvención para Mellora da casa do concello e Equipamento deportivo para instalacións
231	21.12.2015	Liquidación do convenio de colaboración entre os Concellos de Valdoviño e Cerdido para compartir os servizos do arquitecto municipal
232	22.12.2015	Rexeitar a reclamación de Gas Natural Servizos SDG por non constar facturas rexistradas
233	22.12.2015	Rexeitar a reclamación de Gas Natural SUR SDG por non constar facturas rexistradas
234	22.12.2015	Arquivo de expedientes de contratos menores
235	22.12.2015	Aprobación de pagos de facturas da 631 á 652
236	23.12.2015	Adxudicar o contrato de obra:Mellora das instalación s deportivas e municipais. Proxecto reformado, á empresa Prosema Noroeste SL
237	29.12.2015	Altas no padrón de habitantes en Pontellas 13
238	30.12.2015	Aprobación de pagos de facturas da 653 á 662
239	30.12.2015	Autorización a Albar Quercus para usar a casa da cultura para celebrar a xunta ordinaria da asociación
Xaneiro 2016		
1	07.01.2016	Autorización a Comisión de festas de Cerdido 2016 para usar o castro para unha xuntanza cos veciños/as o 30 de xaneiro
2	07.01.2016	Altas no padrón de habitantes en Porto, 18
3	11.01.2016	Licenza de obras para construción dunha bodega de 50 m2 para almacenamento de produtos agrícolas en Regueirolongo, 35
4	11.01.2016	Relación de recibos correspondentes ó mes de decembro do 2015 do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar
5	11.01.2016	Aprobar o presuposto de Integralia Proyectos SL da obra Mellora en instalacións deportivas e educativas municipais.Proxecto reformado
6	13.01.2016	Autorización a CEIP da Barqueira para usar un local do Castro para celebrar unha xuntanza de antigos alumnos/as
7	20.01.2016	Solicitud de subvención á Consellería de Traballo e Benestar para o fomento de emprego para contratación de catro traballadores a xornada completa
8	20.01.2016	Autorización a Promacer para usar a casa da cultura para celebrar a Asemblea Xeral ordinaria da asociación
9	20.01.2016	Solicitud de subvención para a realización de obras de pintado de fachada do Concello e de subministro de mobiliario (FEADER)
10	21.01.2016	Altas no padrón de habitantes en Porto, 55



Concello de Cerdido (A Coruña)


As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

11	21.01.2016	Substitución da Alcaldía por ausencia os días 25 e 26 de xaneiro
12	21.01.2016	Solicitude de subvención á Consellería de Traballo e Benestar para contratación de preceptores de RISGA
13	22.01.2016	Aprobar a recuperación da paga extraordinaria e adicional do mes de decembro de 2012
14	22.01.2016	Cambio do contrato de alugueiro do terceiro piso das vivendas municipais de Felgosas ó primeiro piso
15	25.01.2016	Alugueiro do terceiro piso das vivenda municipais de As Felgosas
16	27.01.2016	Solicitude de subvención do Fondo de Compensación Ambiental para subministro de desbrozadora
17	28.01.2016	Aprobación de pagos de facturas da 001 a 107
Febreiro 2016		
18	01.02.2016	Aprobación do presuposto de Laboratorios Néboa para realizar os análise da auga potable
19	03.02.2016	Aprobación dos padróns de auga e lixo
20	04.02.2016	Aprobación de modificacións e complemento de información técnica do proxecto propostas pola Deputación no proxecto Carretera O Porto – A Barqueira, incluído no POS 2016
21	04.02.2016	Aprobación de modificacións e complemento de información técnica propostas pola Deputación da Coruña nos proxectos Acondicionamento Area Recreativa Os Carrís e outros, Camiño O Vilar – Vila da Iglesia e outros e Acondicionamento Area Recreativa O Castro e outros no PAS 2015
22	08.02.2016	Autorización a Comisión de festas dos Casás para realizar unha xuntanza ao aire libre, pechar unha vía municipal e usar a megafonía municipal
23	15.02.2016	Aprobación de relación de recibos do SAF de xaneiro de 2016
24	15.02.2016	Aceptación da inclusión do concello de Cerdido na elaboración dos traballos para realizar o inventario de bens por parte da Deputación Provincial
25	15.02.2016	Alta no padrón municipal de habitantes en Soosloureiros,
26	16.02.2015	Convocatoria de Pleno ordinario

A concelleira Ana Rodríguez Montero solicita explicación dos seguintes decretos:

Núm. 230. o alcalde explica que no programa da Deputación unicamente se pode solicitar un proxecto por cada convocatoria e dado que se solicitaron dous, houbo que renunciar a un

Núm. 231, o alcalde explica que se procedeu ao pago ao concello de Valdoviño polos servizos do arquitecto



Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

Núm. 236 A concelleira solicita saber de onde é a empresa e que se contrata a xente da zona.

O alcalde explica que a empresa é de Ferrol e que os traballadores cree que non son da zona


Núm. 20. O alcalde explica que en relación o POS 2016 se completo a información técnica dos proxectos e se cambio un presuposto parcial que ía adicado o abastecemento de Rego da Madeira por a adquisición de suxeita contenedores. O cambio `prodúcese porque non se tiña a dispoñibilidade dos terreos. Así mesmo o alcalde anuncia que se van a cambiar de sitio os contenedores que están en frente do Concello e se van a ubicar na parte de atrás do edificio no que esta a oficina de ABANCA

7.-Dar conta do Informe sobre o cumprimento dos prazos previstos legalmente para o pagamento de obrigas ao abeiro do disposto na Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais modificada pola Lei 15/2010, do 5 de xullo. Pola secretaria deuse lectura o seguinte informe:

Informe sobre o cumprimento dos prazos previstos legalmente para o pagamento de obrigas.

I.-Normativa aplicable-lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais modificada pola lei 15/2010, do 5 de xullo.-Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo. Texto Refundido da lei de facendas locais-Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público.(TRLCSP).-Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas e as condicións e o procedemento de retención de recursos dos réximes de financiamento, previstos na Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira. A Orde Ministerial HAP/2105/2012, do 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigacións de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, **II.- CONSIDERACIÓN**SO prazo no que as administracións teñen a obriga de abonar o prezos da obrigas, ben recollido no artigo 216 do TRLCSP e na súa disposición transitoria sexta r o establecer que:A Administración terá a obriga de aboar o prezo dentro dos trinta días seguintes á **data de aprobación das certificacións de obra** ou dos documentos que acrediten a conformidade co disposto no contrato dos bens entregados ou servizos prestados, sen prexuízo do establecido no artigo 222.4. A obrigatoriedade de remision da información ao Ministerio esta regulado na Orde HAP/2082/2014 que introduciu un novo apartado ao devandito artigo, apartado 10, que establece unha excepción á devandita obrigación de subministración trimestral de información da morosidade, entre outras, ás Corporacións Locais de poboación non superior a 5.000 habitantes polo que respecta aos tres primeiros trimestres do ano.**III.- ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS:** Que da execución presupostaria rexistrada na contabilidade municipal sobre o total de pagamentos materiais realizados entre os días 01/10/2015 e 31/12/2015 (cuarto trimestres 2015) se obtén a seguinte información:

1 Periodo medio de pago (PMP).



Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

Datos PMP Cuarto trimestre de 2015

Entidad	Ratio Operaciones Pagadas (días)	Importe Pagos Realizados (euros)	Ratio Operaciones Pendientes (días)	Importe Pagos Pendientes (euros)	PMP (días)
Cerdido	-12,41	268.314,69	-29,00	3.212,38	-12,61
PMP Global		268.314,69		3.212,38	-12,61



$PMP_i = (ROPI \cdot IPRI + ROPPI \cdot IPPi) / (IPRI + IPPi)$
 $PMP \text{ Global} = \sum PMP_i \cdot (IPRI + IPPi) / \sum (IPRI + IPPi), i=0, \dots, n$

2.-Facturas ou documentos xustificativos pagados no trimestre.

a) Pagos Realizados en el Periodo:

Pagos Realizados en el Periodo	Periodo Medio Pago (PMP) (días)	Dentro Periodo Legal Pago		Fuera Periodo Legal Pago	
		Número de Pagos	Importe Total	Número de Pagos	Importe Total
Gastos en Bienes Corrientes y Servicios	11,87	212	108.465,53	0	0,00
20.- Arrendamientos y Cánones	13,00	1	1.815,00	0	0,00
21.- Reparaciones, Mantenimiento y Conservación	14,73	38	14.294,50	0	0,00
22.- Material, Suministros y Otros	11,40	173	92.356,03	0	0,00
23.- Indemnizaciones por razón del servicio	0,00	0	0,00	0	0,00
24.- Gastos de Publicaciones	0,00	0	0,00	0	0,00
26.- Trabajos realizados por Instituciones s. f. de lucro	0,00	0	0,00	0	0,00
Inversiones reales	21,46	8	159.345,16	0	0,00
Otros Pagos realizados por operaciones comerciales	10,00	1	504,00	0	0,00
Pagos Realizados Pendientes de aplicar a Presupuesto	0,00	0	0,00	0	0,00
TOTAL pagos realizados en el trimestre	17,56	221	268.314,69	0	0,00

b) Intereses de Demora Pagados en el Periodo:

Intereses de Demora Pagados en el Periodo	Intereses de Demora Pagados en el Periodo	
	Número de Pagos	Importe Total Intereses
Gastos Corrientes en Bienes y Servicios	0	0,00
Inversiones reales	0	0,00
Otros Pagos realizados por operaciones comerciales	0	0,00
Pagos Realizados Pendientes de aplicar a Presupuesto	0	0,00
TOTAL intereses de demora pagados	0	0,00

c) Facturas o Documentos Justificativos Pendientes de Pago al Final del Periodo:

Facturas o Documentos Justificativos Pendientes de Pago al Final del Periodo	Periodo Medio Pago Pendiente (PMPP) (días)	Dentro Periodo Legal Pago al Final del Periodo		Fuera Periodo Legal Pago al Final del Periodo	
		Número de Operaciones	Importe Total	Número de Operaciones	Importe Total
Gastos en Bienes Corrientes y servicios	1,00	2	3.212,38	0	0,00
20.- Arrendamientos y Cánones	0,00	0	0,00	0	0,00
21.- Reparaciones, Mantenimiento y Conservación	0,00	0	0,00	0	0,00
22.- Material, Suministros y Otros	1,00	2	3.212,38	0	0,00
23.- Indemnizaciones por razón del servicio	0,00	0	0,00	0	0,00
24.- Gastos de Publicaciones	0,00	0	0,00	0	0,00
26.- Trabajos realizados por Instituciones s. f. de lucro	0,00	0	0,00	0	0,00
Inversiones reales	0,00	0	0,00	0	0,00
Otros Pagos pendientes por operaciones comerciales	0,00	0	0,00	0	0,00
Operaciones Pendientes de aplicar a Presupuesto	0,00	0	0,00	0	0,00
TOTAL operaciones pendientes de pago a final del trimestre	1,00	2	3.212,38	0	0,00

III.- CONCLUSIÓN. Estes son os datos que aporta a aplicación informática facilitada pola Deputación da Coruña e que foron remitidos a Oficina Virtual das Entidades Locais do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas o día 25.01.2016.É canto se ha de informar segundo a normativa de aplicación, propoñendo a súa remision o Pleno do Concello se se estima oportuno. Cerdido, a vinte e cinco de xaneiro de dous mil dezaseis.O tesoureiro .A secretaria -interventora Daniel Rodríguez Fraguela. Paula Díaz Tie.


8.-Dar conta do informe sobre a información a remitir o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas correspondente os datos de execución do presuposto cuarto trimestre do ano 2015.Pola secretaria deuse lectura o seguinte informe:

Informe de Intervención

Paula Díaz Tie, secretaria-interventora do Concello de Cerdido, o abeiro do establecido na Orden HAP /2105/2012, do 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información oprevista na Lei organica 1/2012 do 27 de abril de estabilidade presupostaria e sostenibilidade financeira informa:

Primeiro: Que o día 26.01.2016 remitiuse con certificado dixital a información requirida polo Ministerio de Facenda e Administracións Públicas ao abeiro do disposto a Orden HAP /2105/2012, do 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información prevista na Lei orgánica 1/2012 do 27 de abril de estabilidade presupostaria e sostenibilidade financeira correspondente o cuarto trimestre do ano 2015, tanto os datos presupostarios como os anexos dos informes, dos que resalto a seguinte información que se resume nos seguintes datos:

Cuarto trimestre do ano 2014. Resume por capítulos de ingresos e gastos.



Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

		Ejercicio Corriente			Ejercicios cerrados		
INGRESOS		Previsiones Iniciales Actualizar	(A) Estimación Previsiones definitivas al final de ejercicio (1)	(B) Derechos Reconocidos Netos (2)	Recaudación Líquida (2)	Recaudación Líquida (2)	Desviación (B)/(A)-1
1	Impuestos directos	190.000,00	190.000,00	177.769,31	177.769,31	0,00	-0,06
2	Impuestos indirectos	5.000,00	5.000,00	1.864,11	1.864,11	0,00	-0,63
3	Tasas y otros ingresos	108.200,00	108.200,00	97.864,30	82.109,93	11.504,42	-0,10
4	Transferencias corrientes	577.837,06	651.698,71	584.406,91	521.771,57	65.504,89	-0,10
5	Ingresos patrimoniales	20.550,00	20.550,00	16.902,75	16.052,75	1.350,00	-0,18
6	Enajenación de inversiones reales						
7	Transferencias de capital	141.612,94	389.784,34	197.111,73	191.720,37	111.292,10	-0,49
8	Activos financieros	0,00	56.004,18	0,00	0,00	0,00	-1,00
9	Pasivos financieros						
Total Ingresos		1.043.200,00	1.421.237,23	1.075.919,11	991.286,04	189.651,41	-2,53

		Ejercicio Corriente			Ejercicios cerrados		
GASTOS		Créditos Iniciales Actualizar	(A) Estimación Créditos definitivos al final de ejercicio (1)	(B) Obligaciones Reconocidas Netos (2)	Pagos Líquidos (2)	Pagos Líquidos (2)	Desviación (B)/(A)-1
1	Gastos de personal	443.412,05	451.062,05	427.295,89	427.295,89	7.797,25	-0,05
2	Gastos en bienes corrientes y servicios	409.801,26	451.815,56	370.209,36	366.096,98	7.193,93	-0,18
3	Gastos financieros	200,00	200,00	0,00	0,00	0,00	-1,00
4	Transferencias corrientes	16.600,00	15.600,00	11.642,69	11.642,69	0,00	-0,25
5	Fondo de contingencia y Otros imprevistos						
6	Inversiones reales	173.186,69	502.559,62	294.578,26	294.578,26	87.486,83	-0,41
7	Transferencias de capital						
8	Activos financieros						
9	Pasivos financieros						
Total Gastos		1.043.200,00	1.421.237,23	1.103.726,20	1.100.513,82	102.478,01	-1,89

(1) Estimación Previsiones definitivas al final ejercicio - Presupuesto actualizado, incluyendo las modificaciones ya tramitadas y/o previstas tramitar hasta final de ejercicio

(2) Datos de ejecución acumulados a final del trimestre vencido

Estabilidad presupostaria. Previsión cuarto trimestre 2015.

F.3.2 Informe actualizado Evaluación - Resultado Estabilidad Presupuestaria Grupo Administración Pública

In el caso de que la Entidad este sometida a Contabilidad Empresarial el Ingreso y Gasto no Financiero ya es directamente el computable a efectos del Sistema Europeo de Cuentas) - no aplican ajustes


Entidad	Ingreso no financiero	Gasto no financiero	Ajustes propia Entidad	Ajustes por operaciones internas	Capac./Nec. Financ. Entidad
11-15-025-AA-000 Cerdido	1.075.919,11	1.103.726,20	1.454,53	0,00	-26.352,56

Objetivo en 2015 de Capacidad/Necesidad Financiación de la Corporación Local
Capacidad/Necesidad Financiación de la Corporación contemplado en el Plan Económico Financiero aprobado

-26.352,56
0,00

LA CORPORACIÓN LOCAL NO CUMPLE CON EL OBJETIVO DE ESTABILIDAD PRESUPUESTARIA

Previsión de cumplimiento da regra do gasto. Cuarto trimestre 2015.



Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

F.3.3 Informe actualizado de cumplimiento de la Regla del Gasto 4º Trimestre Ejercicio 2015

Entidad	Gasto computable Liquid.2014 (GC2014) ¹ (1)	(2) =(1)+ [1+TRCPIB] II	Aumentos/ disminuciones (art. 12.4) Pto.2015 (IncIorm2015) ¹¹¹ (3)	Gastos Inversiones financieras sostenibles (4)	Límite de la Regla Gasto (5)=(2)+(3)	Gasto computable Previsión Liquidación (GC2015) ^{IV} 2015 (6)
11-15-025-AA-000 Cerdido	723.332,61	732.736,14	0,00	5.542,02	732.736,14	762.137,53
Total de gasto computable	723.332,61	732.736,14	0,00	5.542,02	732.736,14	762.137,53

¿Incumple la Corporación Local la regla de gasto en 2014? ^V	<input checked="" type="radio"/> SI	<input type="radio"/> NO
Gasto computable límite para el ejercicio 2015 previsto en el PEF		0,00
Diferencia entre el "Límite de la Regla del Gasto" y el "Gasto computable Pto.2015" (5)-(6)		-29.401,99
Diferencia entre el "Límite máximo de gasto objetivo 2015 PEF vigente" y el "Gasto computable Pto.2015" (6) - Lim. PEF		-762.137,53
% incremento gasto computable 2015 s/ 2014		5,36

SE ESTIMA QUE LA CORPORACIÓN INCUMPLIRÁ CON EL OBJETIVO DE LA REGLA DEL GASTO.

Nivel de deuda viva. Cuarto trimestre 2015.

F.3.4 Informe del nivel de deuda viva al final del periodo actualizado

Entidad	Deuda a corto plazo	Emisiones de deuda	Deuda viva al final del periodo					Total Deuda viva al final del periodo
			Operaciones con Entidades de crédito	Factoring sin recurso	Avalos ejecutados reintegrados	Otras operaciones de crédito	Con Administraciones Públicas (FFFP)	
11-15-025-AA-000 Cerdido	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Total Corporación Local	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00

Nivel Deuda Viva 0,00

Conclusión: Hai unha previsión por parte do Concello de Cerdido de incumprimento da estabilidade presupostaria e de incumprimento da regra do gasto no exercicio económico de 2015.

Os datos definitivos serán concretados á hora de realizar e aprobar a liquidación do orzamento 2015 Cerdido, 26 de xaneiro de 2016. A secretaria-interventora. Paula Díaz Tie

9.-ROGOS E PREGUNTAS:


A concelleira Ana Rodríguez Montero realiza as seguintes preguntas e rogos a Alcaldía

1.- Chegou xa o permiso de Patrimonio para as obras da Area Recreativa O Castro.

O alcalde anuncia que xa chegou o permiso e hai que cambiar algunhas cousas no proxecto dado que non deixar intervir na zona de merendeiros, polo que hai que cambiar unha partida por outra que vai a ser a realización dun cobertizo para tapar os contenedores. Así mesmo solicitar que se determine e ubicación exacta da sinalización fora da area arqueoloxía e que se contrate a un arqueólogo durante as obras.

2. Existen pistas de zorra sen desbrozar como son as que van de Vilela a Guelle, en Penso o camiño ao muíño, en Gondredo.

O alcalde agradece que se lle informe disto dado que non o sabia



Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

3. A pisa que esta en Vila da Iglesia detrás do Pazo esta moi deteriorada pola auga, e a pista que vai a Porto do Cabo hai unha curva que quedou moi mal

O alcalde anuncia que sabe do problema en Vila da Iglesia e entende que se deberá realizar unha taxea

4. As obras no campo de fútbol iniciáronse ?. O alcalde explica que o parque infantil esta case listo e que é necesario que pare de chover para darlle as ultimas capas, o polideportivo esta case rematado e coas grada do campo de fútbol hai que esperar que o tempo mellore para poder realizar as zapatas sobre terreo firme.

5. Que pasou cos puntos de luz que se fan a poñer co remanente de tesourería ? O alcalde explica que non se fixeron.

6. Dende o colexio puxeron algún problema coas obras que se están a realizar ?

O alcalde explica que non houbo problemas unicamente se lle dixo a empresa que nos horarios do recreo evitase que circulasen vehículos polo recinto

O Concelleiro Pablo Casas Cibreiro fai as seguintes preguntas:

1. Hai taxeas atascadas debaixo da miña casa. O alcalde afirma que non o sabia e que é necesario avisar destas cousas e nese caso se amañan.

2. Por que non se traballa coa tella do tractor ? O alcalde explica que hai dous operarios e que dous días van a recoller o lixo e os outros fan outras moitas cousas e no caso que teñan **tempo se fará**

O concelleiro José Esmoris Aldao fai as seguintes preguntas.


No contrato do campo de fútbol porque non se invitou a empresas da zona, dado que antes se dicía que había que contratar a xente de aquí

O alcalde explica que se trata dunha obra da Deputación e se invitou a seis empresas e o contrato correspóndenlle a que fai a oferta mais beneficiosa que sole coincidir coa oferta mais baixa.

En relación ao campo de fútbol, xa non hai contrato para o mantemento, ? Vaise facer o campo de herba artificial ?

O alcalde explica que se tomou a decisión de non renovarlle a empresa que estaba, porque a finais de temporada será necesario levantar todo o campo porque non drena, por isto o mantemento se realizará con persoal municipal. En relación co campo de herba artificial tivéronse reunións coa Deputación e por agora a Deputación non aprobou ningún plan neste sentido.

Cantas batidas de xabarín se solicitaron este ano ?.



Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgasas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

O concelleiro Cándido Prieto Iago explica que na reunión que se mantivo coa Directora de Medio Ambiente se lles comunicou que ían autorizar todas as batidas que se solicitaran, pero estas deben ser realizadas polo asociación de cazadores que non están moi interesados ata que cubran o cupo do corzo. No ano pasado fíxose unha batida e soamente se matou a un e o que fan e desprazar os xabarís para outra zona, pero ao pouco volven.

E, non habendo mais asuntos que tratar a Presidencia levantou a sesión, sendo as nove horas do día dezanove de febreiro de 2016.

A secretaria

O alcalde

Paula Díaz Tie

Benigno Galego Castro